

ENTROIDO 2015

Concello da Baña

BASES

O sábado, día 21 de febreiro de 2015, terá lugar o desfile de comparsas do Entroido, no que poderán participar libremente todas aquelas persoas que o desexen; outorgaranse os premios de acordo coas seguintes categorías:

PREMIOS COMPARSAS

1º PREMIO: 300 €

2º PREMIO: 200 €

3º PREMIO: 100 €

4º PREMIO: 75 €

PREMIO DISFRACES INDIVIDUAIS/ PARELLAS

PREMIO AO MELLOR DISFRACE INFANTIL: 50 €

PREMIO AO MELLOR DISFRACE ADULTO: 50 €

NORMAS DE PARTICIPACIÓN:

1. A participación queda aberta a todas as asociacións, barrios, comunidades, colexios e persoas que o desexen.
2. Os/as participantes farán a súa presentación e confirmación no Concello da Baña, ata o sábado 21 de febreiro ás 16:00 horas.
3. Entenderase por comparsa a agrupación de máscaras ou disfraces e complementos dun número igual ou superior a 3 persoas.
4. As comparsas deberán gardar unha unidade temática tanto no vestiario coma na súa actuación.
5. Os criterios de valoración basearanse na orixinalidade, elaboración e acabados, adaptación e interpretación da temática escollida...
6. O itinerario do desfile que comezará arredor das 17:00 horas, concentrarase na rúa Xacinto Rodríguez, Praza do Concello e rúa Tedelle.
Aqueles grupos que desexen participar cunha coreografía na que precisen a reprodución da música dende o concello deberán presentala cunha hora de antelación.

7. A comunicación dos premios farase no pavillón polideportivo.
8. O xurado estará composto por 3 persoas como mínimo e sempre número impar.
9. A decisión do xurado comunicarase ao rematar o desfile, no pavillón de deportes.
10. A decisión do xurado é inapelable.
11. Toda comparsa que non acate as ordes da organización será descualificada e non optará aos premios.
12. A orde do desfile rexerese segundo a data de inscrición.
13. O Concello da Baña non se fai responsable dos danos morais ou materiais que, a si mesmos ou a terceiros, ocasionen os/as participantes deste desfile de Entroido 2015.
14. A participación no concurso supón a aceptación destas bases.
15. A data límite de inscrición será o día 21 de febreiro ás 16:00 horas no Concello da Baña ou nos teléfonos 981 886 501 – 607 577 419.

CONCELLARÍA DE CULTURA

D./D.^a.....con
 NIF..... enderezo en
e teléfono/s.....
 como representante da comparsa ou disfrace.....

 co dorsal núm..... na modalidade de.....

ACEPTO plenamente as bases deste concurso de Entroido 2015.

A Baña, de de 2015

Asdo.: